

ACTA Nº 14-2012

DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 06/09/2012-

Marxe que se cita:

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:03 horas** reúnen os/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria (atrasada unha semana conforme a posibilidade acordada no réxime de sesións polo pleno municipal do 30/06/2011 cando se trata do mes de agosto)

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Constatada a presenza de membros en quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS ANO 2013.

4º.- AMPLIACIÓN DO ACORDO RELATIVO A ANUALIDADE 2012 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DIRIXIDOS AOS CONCELLOS DAS COMARCAS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR.

5º.- REVISIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PARA USO E DISFRUTE DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXOS.

6º.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DO XUIZ DE PAZ TITULAR DO XULGADO DE PAZ.

7º.- MOCIONS DE URXENCIA.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS

Concelleiros ausentes:

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Agueda Bello Valdés

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIOR

Acta Nº 11 Sesión extraordinaria do día 04 de xullo de 2012

A A Presidencia pregúntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Advertido pola Secretaria un erro de transcripción por omisión a pesar de terse concretado cos tres grupos políticos corporativos na devandita sesión e figurar así na proposta e no formulario correspondente, propónse rectificación da acta de xeito que:

- Onde di: Anexo II, Grupo 5, <<5.5. Núcleos zoolóxicos, establecementos de recollida de animais abandonados, establecementos dedicados ao fomento de animais domésticos e salvaxes en cautividade>>
- Debe dicir: Anexo II, Grupo 5, <<5.5. Núcleos zoolóxicos, establecementos de recollida de animais abandonados, establecementos dedicados ao fomento de animais domésticos e salvaxes en cautividade (acompañando autorización zoosanitaria autonómica)>>

Non habendo outras observacións ao respecto queda APROBADA a citada acta **coa rectificación indicada** por unanimidade dos presentes, 15 dos 17 que legalmente a constitúen.-

Acta Nº 12 Sesión extraordinaria do día 19 de xullo de 2012

A Presidencia pregúntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto queda APROBADA a citada acta por unanimidade dos presentes, 15 dos 17 que legalmente a constitúen.-

Acta Nº 13 Sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2012

A Presidencia pregúntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto queda APROBADA a citada acta por unanimidade dos presentes, 15 dos 17 que legalmente a constitúen.-

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01 de xullo de 2012 ata o 31 de xullo de 2012, que comprenden os números 376/2012 ao 421/2012, de cuxa relación deuse copia aos voceiros dos grupos.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 14 Sesión ordinaria do día 10 de xullo de 2012.
- Acta Nº 15 Sesión extraordinaria do día 31 de xullo de 2012.
- Acta Nº 16 Sesión extraordinaria do día 17 de agosto de 2012.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS ANO 2013

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Visto o escrito do Delegado Provincial da Consellería de Traballo e Benestar, interesando se lle comunique os dous días que para todo o termo Municipal de Rianxo se fixen como Festas Locais no próximo ano 2013, para os efectos de poder confeccionar o calendario laboral da Provincia de Coruña para dito ano.

Publicado no Diario Oficial de Galicia do 10/08/2012 o Decreto 169/2012, do 10 de agosto, polo que se determina o Calendario laboral para o ano 2013 na Comunidade Autónoma de Galicia, recolléndose como festivos autonómicos o día 17/05/2012 (Letras Galegas) e o 24/06/2012 (San Xoan) en troques do día de Reis e o día da Inmaculada por coincidir en domingos, ademais do 25/07/2012.

Conforme ao establecido no artigo 37.2 do Real decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no artigo 45 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: "*serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con caracter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente -a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia*".

Pola presente, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo o seguinte

ACORDO:

Primeiro: Sinalar como Festas Locais deste Concello para o ano 2013, os seguintes días:

- 12 de febreiro: Martes de Carnaval
- 20 de setembro: Venres de Guadalupe.

Segundo: Comunicar á Delegación da Consellería de Traballo e Benestar para o seu coñecemento e efectos.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 06/09/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que non ten nada que engadir.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que van a votar a favor.

A voceira do grupo municipal do BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns, di que ao non haber queixas nin propostas por parte dos veciños noutro sentido van a votar a favor.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

4.- AMPLIACIÓN DO ACORDO RELATIVO A ANUALIDADE 2012 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DIRIXIDOS AOS CONCELLOS DAS COMARCAS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<O día 08/02/2012 (Rex.Entrada nº 804) recibíuse circular da Deputación da Coruña, de ANUALIDADE 2012 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DIRIXIDOS AOS CONCELLOS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR, e cunha asignación no ano 2012 por concello de 36.250,00€.

Para tal fin redactouse un proxecto técnico pola arquitecta de Asistencia Técnica municipal, D^a. Ana Isabel Piñeiro Esperante, por importe de 36.250,00 Euros, IVE engadido ao que se achegou o informe da mesma técnica municipal sobre a dispoñibilidade dos terreos e a innecesariedade de autorización preceptiva. Así as cousas, aprobouse o dito expediente polo Pleno Municipal de data 26 de abril de 2012.

Posteriormente, efectuouse requirimento pola Deputación da Coruña de varias emendas do proxecto e do expediente, que deu lugar á redacción da modificación do proxecto técnico das obras pola arquitecta de Asistencia Técnica municipal, e remitido a Deputación da Coruña con data 20 de xullo de 2012 (Rex. saída nº 3516), achegándose o proxecto básico e de execución da obra o 03/09/2012 (RXE nº 6460).

Incorporado o do 30/08/2012 o informe da Arquitecta de Asistencia técnica municipal sobre a non necesidade de autorización previa da Consellería de Cultura para a obra.

Tendo en conta a insistencia pola Deputación da Coruña en que se inclúa o apartado 4^a do modelo de acordo, relativo ao compromiso de incluír no orzamento correspondente crédito dabondo para o seu financiamento, a pesares de estar xa incluído no orzamento municipal do exercizo 2012 en vigor (BOP 21/08/2012) tal e como informara a intervención municipal.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo (partindo do xa adoptado o 26/04/2012):

1º Participar no Programa de modernización de mercados locais da deputación Provincial da Coruña, anualidade 2012, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican deseguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
ADECUACIÓN DOS POSTOS DO MERCADO MUNICIPAL DE RIANXO	36.250,00 €	0 €	36.250,00
TOTAL	36.250,00 €	0 €	36.250,00

2º Aprobar os correspondentes proxectos técnicos das obras previstas no apartado 1º.

Neste caso o proxecto básico e de execución para a adecuación dos postos do mercado municipal de Rianxo (RXE do día 03/09/2012) que non precisa autorización ningunha.

3º Declarar que o Concello conta cos terreos, necesarios para a execución da obra.

4º Para o financiamento do importe da achega municipal, de ser o caso, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

De feito xa consta incluído no orzamento municipal para o exercizo 2012.

5º Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100 % do seu importe.

6º Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º Facultar ao Alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE do día 06/09/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que o falado na Comisión informativa non foi eso senon o informe de Patrimonio.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que este asunto ven de atras, pero que a Deputación Provincial de A Coruña requiriu máis documentación e engadir o apartado relativo ao financiamento, asemade pediu a ratificación técnica de que non se precisa autorización de patrimonio. En realidade non hai aportación municipal, por elo hai que apoiar.

A voceira do grupo municipal do BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns, di que como é un tema burocrático da Deputación Provincial da Coruña van a votar a favor.

O Alcalde dille a voceira do grupo municipal Partido Popular, se quere novo turno de replica.

Non hai intervención por parte da voceira do grupo municipal Partido Popular,

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

5.- REVISIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA USO E DISFRUTE DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 5/07/2012.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da **TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA USO E DISFRUTE DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS**, no seu artigo 5º.- **Tarifas**, que queda coa a seguinte redacción:

“Artigo 5º. Tarifas

A taxa a satisfacer ó Exmo. Concello de Rianxo ou empresa Concesionaria pola utilización das instalacións que a continuación se citan, axustaranse ás seguintes:

Tarifas:

1.-Cotas de Inscripción: (tarifa única)

TARIFAS	importe
1.-Cotas de Inscripción: (tarifa única)	
MATRICULA ABONADO	24,84 €
INSCRIPCIÓN CURSILLISTA NON ABONADO	19,87 €
EXCEDENCIA	24,84 €

Observacións:

- Os usuarios que ingresen na instalación e inscribítese por primeira vez como socio- abonado ou se apunta a algunha das actividades acuáticas das que se oferten, aboará unha cota en concepto de matrícula polos custos administrativos de inscrición. Esta cota de alta é independente da cota mensual.
- Aquela persoa que cause baixa abonará unha cota de excedencia no momento de reincorporarse polos custes administrativos do tratamento da baixa e alta.
- Toda persoa que se abone pagará o mes completo independentemente da data que se dea de alta.

2.-Socio - Abonado (tarifa mensual)

TARIFAS	importe
2.-Socio- Abonado (tarifa mensual)	
INSCRIPCIÓN ADULTO	24,84 €
INDIVIDUAL MENOR DE IDADE	15,89 €
INDIVIDUAL HORARIO DE MAÑÁ	14,89 €
INDIVIDUAL XUBILADO, PENSIONISTA, DISCAPACITADO *	11,91 €
FAMILIAR (unidade familiar con fillos menores de idade)	29,80 €
* POR FILLO ESTUDANTE ENTRE 18 E 24 ANOS	8,93 €
MATRIMONIO DE XUBILADOS E/ OU PENSIONISTAS	17,87 €

Observacións:

- Os usuarios que accedan a esta modalidade teñen acceso ós servizos que se relacionan tódolos días sen límite de tempo:
 - Piscina climatizada: baño libre nas rúas destinadas para tal uso
 - Zona SPA e zona e relaxación
 - Sala de Fitness
 - Actividades físico- deportivas dirixidas
 - Ademais ten prioridade nas actividades acuáticas, de saúde, etc, cunha redución de tarifa de ata un 50%.
- Socio- Abonado FAMILIAR:
 - Os membros que formen o socio familiar teñen as mesmas vantaxes e obrigas que o socio individual.
 - Os fillos poderán formar parte do abono mentres non cumplan os 18 anos.
 - No intre do cumprimento de dita idade, teranse que aboar de forma individual, acolléndose as posibilidades existentes.
 - Para acollerse o abono de socio Familiar, é necesario a presentación da fotocopia do libro de familia. O troco de situación familiar traerá consigo a perda de dito abono.
- Socio- Abonado nas categorías de : ESTUDANTE ENTRE 18 E 24 ANOS; MATRIMONIO DE XUBILADOS OU PENSIONISTAS; XUBILADO, PENSIONISTA, DISCAPACITADO:
 - Para acollerse a estes abonos será obrigatorio aportar os documentos acreditativos.
 - No caso da terceira idade será obrigatorio teren cumpridos máis de 60? anos , ou presentar xustificante de ser pensionista.
 - Para os estudantes será obrigatorio a presentación do carné de estudante, ou no seu defecto, unha copia do pago da matrícula do ano académico correspondente á data de alta.
 - Do mesmo xeito, os discapacitados deberán acreditar os documentos que demostren a súa condición.

3.- Entradas puntuais : (tarifas por entrada puntual- sesión)

3,- Entradas Puntuais- sesión (tarifas por entrada puntual- sesión)	importe
PISCINA	4,96 €
PISCINA: COLECTIVOS ESPECIAIS * E INFANTIL	2,96 €
SALA FITNESS: ADULTO	5,95 €

Observacións:

- Os usuarios que accedan a esta modalidade teñen dereito por sesión, a utilizar por libre a piscina.

4.-Reservas : (tarifas por hora)

4,- Entradas Puntuais - reservas- (tarifas por hora)	importe
USO DUNHA RÚA DA PISCINA 1 HORA	20,86 €
USO DA PISCINA PARA COMPETICIÓNS / 1 HORA	298,07 €

Observacións:

- A tarifa correspóndense coa reserva- aluguer dunha hora de uso da piscina que sexa solicitada polos distintos clubs e asociacións interesadas, para realización de actividades deportivas. Os clubs e asociacións poderán establecer convenios co Concello de Rianxo ou empresa concesionaria para a redución das tarifas. Correspóndelle o Concello de Rianxo ou empresa concesionaria o establecemento da porcentaxe de redución na tarifa.

5.- Actividades acuáticas: (tarifa mensual)

5,- Actividades acuáticas (Tarifa mensual)	ABONADOS	NON ABONADOS
4,-1) INFANTIL E MOZOS/ AS		
1 DÍA/ SEM.	8,93 €	17,87 €
2/ DÍAS/ SEM	16,89 €	33,78 €
4,-2) ADULTOS		
1 DÍA/ SEM.	8,93 €	17,87 €
2/ DÍAS/ SEM	16,89 €	33,78 €
3/FÍAS/ SEM	23,84 €	47,69
4,-3) BEBÉS		
1 DÍA/ SEM.	11,91 €	23,84 €
4,-4 CURSOS INTENSIVOS VERÁN	0,00 €	0,00 €
1 DÍA/ SEM.	17,87 €	35,76 €

Observacións:

- Este usuario é aquel que asiste á instalación regularmente porque está inscrito a unha actividade acuática dirixida con monitor, e que unha vez finalizada abandona a instalación. Só ten acceso á súa actividade, nos días e horas contratadas. Aos socios- abonados realizaráselles un desconto de ata 50% en todas as actividades acuáticas.

A estes importes a empresa Concesionaria debe aplicar aos usuarios o IVE que corresponda en cada momento

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de 2011.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de setembro de 2011."

Segundo.- Expoñer ao público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 31/08/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que van a absterse.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que como corresponde co estipulado van a votar a favor.

A voceira do grupo municipal do BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns, di que van a votar a favor e van a tramitar .

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 9 votos a favor (os dos 5 do BNG e os 4 do PSOE), 6 abstencións (dos 6 membros do PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

6.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE XUIZ TITULAR DO XULGADO DE PAZ

O Alcalde Accidental parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tendo presente o Oficio da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza (RE nº 4234 do 06/06/2012) onde se comunicaba o próximo vencemento do prazo de 4 anos polo que nomeou ao actual Xuíz de Paz.

Trala aprobación das Bases da Convocatoria Pública para a elección de Xuíz de Paz Titular en sesión plenaria do 28/06/2012 e efectuada a publicación da convocatoria nos seguintes medios:

- edicto no Taboleiro de Anuncios do Concello de Rianxo.
- edicto no Taboleiro de anuncios do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Padrón.
- edicto no Taboleiro de anuncios do Xulgado de Paz de Rianxo.
- anuncio no Boletín Oficial da Provincia de 11/07/2012.

Segundo certificado de secretaria, no prazo de 20 días hábiles dende o seguinte á publicación no BOP, que tivo lugar o 11/07/2012, rematando o prazo o 04/08/2012 os candidatos por orden de presentación das solicitudes foron:

RXE nº	data	Interesado/a	DNI
5547	19/07/2012	Ramón Rodríguez Sende	
5805	02/08/2012	María Eva Latorre Porto	
5838	03/08/2012		
5887	06/08/2012 (selo correos 03/08/2012)	Miguel Vieito Villar	
5895	07/08/2012	María Sonia Señor López	

Todas elas presentadas en tempo e forma, agás a de María Sonia Señor López que achegou a instancia fora de prazo.

Unha vez revisada a documentación presentada polos aspirantes que achegaron a súa instancia en prazo, requíriuselles co gallo de que emendaran aquelas deficiencias detectadas para o cal concedéuselles un prazo de 5 días no que achegaron todos eles documentación agás a excluída.

Verificada a nacionalidade española de todos eles, a súa maioría de idade e a presentación da declaración de non estar incurso en causas de in incapacidade, incompatibilidade ou prohibicións

recollidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial, concretamente nos seus artigos 303 e 389 e ss, todo seles cumpren cos requisitos esixidos na base 1ª da convocatoria como condicionantes legais.

Asemade tralo análise da documentación que achegaron coa solicitude resulta o seguinte:

Documentación base 3ª	Ramón Rodríguez Sende	María Eva Latorre Porto	Miguel Vieito Villar
Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do documento nacional de identidade.	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Certificación médica acreditativa expresamente de non estar impedido física ou psiquicamente para o exercicio da función xudicial.	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, do 1 de decembro, no seu punto 1.a) referente a "si se encontra inculcado o procesado".-	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Declaración xurada sobre se incorre nalgún suposto de incompatibilidade para o desempeño das funcións xudiciais recollidas, respectivamente, no artigo 303 e 389 a 397 da LOPX, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís (arts. 1.2 e 14 RXP).	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Xustificación dos méritos que, no seu caso, alegue o solicitante.-	Acredita experiencia no posto ao longo de varios anos	Achega contratos, títulos, diplomas e certificados	Achega currículo, título e diplomas cursos

Conforme aos artigos 22.2 p) e 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 101.2 da Lei 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, artigo 4 e artigo 6 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, e sendo preciso quórum de maioría absoluta para a elección do candidato, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Excluir a María Sonia Señor López por presentar a instancia fora de prazo e admitir ao resto dos aspirantes:

Interesado/a	DNI
Ramón Rodríguez Sende	
María Eva Latorre Porto	
Miguel Vieito Villar	
María Sonia Señor López	

Segundo: Nomear a **Ramón Rodríguez Sende**, con DNI ##### como **Xuíz de Paz Titular** á vista dos méritos acreditados especialmente a súa experiencia no posto e bo facer asemade do coñecemento da xente, dos trámites e persoal do xulgado.

Dar traslado do presente acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrucción de Padrón, que o elevará á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 06/09/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O Sr. Alcalde comenta que na proposta se engadiu a falta de bases concretas de Xuiz de Paz e na idea de que sexa unha persoa boa, como é o actual, coñecedor do pobo e a sua experiencia.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que van a absterse.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que a apoia porque valorase a cercanía de D. Ramón Rodríguez Sende coñecedor dos habitantes, solucionador de problemas, mediador e que da todos os seus esforzos para a súa función.

A voceira do grupo municipal do BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns, di que apoian ese nomeamento polos trámites cotidias do que xa acredita experiencia e valia persoal sendo él a mellor opción .

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 9 votos a favor (os dos 5 do BNG e os 4 do PSOE), 6 abstencións (dos 6 membros do PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA coa maioría absoluta esixida** pola normativa nos termos desta.-

7.- MOCIÓNS POR URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A Presidencia pregunta se hai mocións.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

6.1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE: INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A PRORROGAR O PROGRAMA PREPARA DIRIXIDO ÁS PERSOAS QUE ESGOTEN A SÚA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO.- (RXE nº 6059, do 13/08/2012).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Alcalde pasa a palabra o voceiro do grupo municipal do PSG-PSOE, D. Carlos Gey Hermo, que comenta a moción.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 15 concelleiros dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do número legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O paro é o principal problema dos cidadáns. A actuación do goberno agrava día a día este problema e as súas consecuencias máis negativas para a cidadanía. A última enquisa de poboación activa pon de manifesto o dramático aumento do desemprego, o incremento do número de parados de longa duración e o dos fogares con todos os seus membros en paro. A enquisa reflicte os aumentos do paro que xa mostraban as cifras desestacionalizadas dos meses de abril, maio, xuño e xullo do presente ano.

As políticas desenvolvidas polo goberno lonxe de atallar o problema do paro agrávanlo e cada nova previsión do goberno establece un novo récord de parados.

A reforma laboral, ao abaratar e facilitar o despedimento en tempos de crises, está provocando unha sangría insoportable en termos de emprego.

Os orzamentos xerais do estado significaron o recorte drástico das políticas activas de emprego especialmente as transferencias ás CCAA, con reducións de máis de 1.700 millóns de Euros, un 54%. Estes recortes lévanse por diante as políticas de axuda aos desempregados na súa procura dun posto de traballo, pois afectan aos programas de orientación, formación e recualificación. Todo iso en contra das recomendacións do Consello Europeo.

O Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de fomento da competitividade cerna de forma descomunal a protección dos desempregados ao suprimir subsidios especiais para os maiores de 45 anos, ao elevar a idade de 52 a 55 anos, e expulsa da Renda Activa de Inserción a practicamente o 90% dos seus beneficiarios. Centos de miles de desempregados veranse sen protección algunha nos próximos meses.

As políticas do goberno están provocando fractura social de España: máis paro, menos protección, menos dereitos, en contra toda recomendación comunitaria, menos políticas activas para favorecer a empregabilidade dos parados.

Neste contexto a continuidade do programa PREPARA é unha necesidade de primeira orde. Este programa mostrou largamente a súa eficacia e propiciou a mellora de empregabilidade de máis de 450.000 parados. Este programa apóiase nunha combinación de medidas activas de orientación, formación e recualificación á vez que facilita unha axuda de renda á persoa desempregada.

Non podemos permitir que o Plan PREPARA desapareza nas circunstancias actuais, porque é a única fonte de subsistencia dos cidadáns que esgotan o desemprego e que non teñen máis nada que eses 400€ para poder vivir.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno da Corporación, o seguinte **ACORDO**:

Instar ao Goberno de España a que, co fin de garantir a transición ao emprego, alcanzar unha maior coordinación entre as políticas activas de emprego e as axudas económicas de acompañamento e para evitar a exclusión social, **prorroque o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa prestación por desemprego, regulado no Real Decreto-Lei 1/2011, de 11 de febreiro, desde agosto de 2012 ata, polo menos, agosto de 2013.**

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, engade que o Partido Popular a finais de agosto está dirixido a castigar e excluír aos que menos teñen, polo que procede que o goberno estatal se adapte aos termos anteriores do "Plan Prepara". Tal e como se formula parece que é culpa da xente estar no paro. Polo tanto debese impulsar o emprego e dar máis opcións polo que solicita que se volva aos termos iniciais do Plan.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran fai a súa intervención dicindo o seguinte:

- A prorroga do PREPARA non discrimina de ningunha forma pola idade dos solicitantes senón que prioriza a protección dos que teñen cargas familiares, elevando en 300 euros a axuda a quen, ademais de conxugue, teña cando menos dous fillos ao seu cargo. Lembrar que o PRODI recollía esta situación, pero sen ter en conta si convivía con eles, como di o apartado a) do artigo 2.
- Para estes efectos, aínda que o solicitante careza de rendas nos termos anteriormente establecidos si ten pais ou conxugues, fillos menores de 26 anos, maiores con discapacidade ou menores acollidos unicamente entenderase cumprido o requisito de carencia de rendas cando a suma das rendas de tódolos integrantes da unidade familiar así constituída, engadido o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o 75 por cen do salario mínimo interprofesional excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.
- Os 400 euros non se negan a ninguén que viva cos seus pais porque si. Negase aos parados que vivan con pais con ingresos altos en función da mesma formula que determinou o Executivo socialista en 2011.
- Ningún parado con rendas superiores ao 75% do IPREM (481 euros) puido percibir nunca os 400 euros. Si vive cun conxugue e fillos faise unha media entre o total de ingresos de forma que, si a media Per cápita supera o 75% do IPREM, o solicitante non pode acceder a el.

Remata a voceira afirmando que este sistema é o que instaurou o goberno de José Luís Rodríguez Zapatero e non se modificou dende 2011. O sistema establece que o soldo dun fillo podía impedir a un parado recibir os 400 euros, pero ata agora non se tivo en conta a quen vivía cos pais con ingresos solventes. O único que fai o Goberno actual é corrixir agora este agravio comparativo. Non se engade aos avós nin a outro familiares, como explicaron claramente na rolda de prensa o BOE recálcao.

A voceira do grupo municipal BNG, D.^a Adelina Ces Quintáns di que van a apoiar, se ben o goberno de Raxoi xa deu marcha atrás nas súas reticencias para prorrogalo, para o goberno do Partido Popular atribúe a culpa do paro as persoas que non traballan, así búscanse requisitos para xustificar a non concesión da prestación. Un caso dos días actuais é o de “Eurovegas”. Esta situación esta sistematicamente en contra dos mías débiles en vez de ir contra os estafadores, banqueiros e corruptos. Tamén quere apuntar que era mellor que esta moción se mandara ao goberno de Feijoo para que o pedira ao goberno estatal.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, pide intervir de novo para engadir que se pensou en presentar esta moción dirixida ao Presidente da Xunta de Galicia para que o mandara ao Presidente do Goberno do Estado, dicir que non a obterán aqueles que viven cos seus pais por ser solventes, e que esta axuda se da por unha vez por seis meses non é unha ganga senón unha situación desesperada.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e 0 abstencións do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Entrado neste punto non se presenta ningun.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:38 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

O Alcalde pecha o pleno lembrando o comezo das festas no día de mañá, sete de setembro.

Levántase a sesión ás 20:40 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo